

¿En que consiste o Campamento Deportivo de Verán?

Os meses de verán son unha fantástica ocasión para ofrecer a nenos e nenas, rapaces e rapazas, unha alternativa de ocio deportivo e entretemento durante as vacacións escolares.

No Campamento Deportivo de Verán que ofrece o Concello de Monforte os nenos e nenas participantes poderán desfrutar dun dos eventos deportivos máis completos, ó aglutinar un gran número de modalidades deportivas e talleres diferentes onde os/as participantes poñerán en práctica a súa habilidade, coordinación, axilidade, destreza, etc. ó tempo que desenvolven as súas habilidades sociais e de relación cos demais a través do deporte.

¿Cando se celebra e cal é o seu horario?

O Campamento Deportivo de Verán terá lugar durante o mes de xullo, de luns a venres non festivos, distribuído en dúas quincenas, do 1 ó 15 e do 16 ó 31.

O inicio de cada unha das quincenas é o seguinte:

- Inicio da primeira quincena: luns 1 de xullo
- Inicio da segunda quincena: martes 16 de xullo

O horario diario das actividades é de 10:00 a 14:00 h.

¿A quen vai dirixido?

A actividade está dirixida a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 5 e os 14 anos

¿Onde se celebra?

As diferentes actividades que forman parte do Campamento celebraranse, maioritariamente, na área deportiva da Pinguela (pavillón polideportivo, piscina climatizada, pistas de atletismo, parque infantil) aínda que tamén se farán saídas puntuais en transporte público para realizar actividades que requiren dunhas instalacións e uns equipamentos específicos.

¿Que actividades van a realizar as persoas participantes?

O Campamento Deportivo de Verán é unha actividade moi completa xa que aglutina unha gran variedade de actividades físico deportivas e talleres. Entre outras, as actividades que se realizarán son as seguintes: xogos pre deportivos, baloncesto, atletismo, pilates, natación, baseball, fútbol, pesca, tiro con arco, hípica, orientación, xogos acuáticos, educación vial, voleibol, mini golf, psicomotricidade, gourmet, piragüismo, talleres etc.

¿Como se estrutura a actividade diaria?

A actividade diaria do campamento terá a seguinte estrutura básica:

- 10:00 – 10:55 - Actividade
- 10:55 – 11:50 - Actividade

- 11:50 - 12:10 - Descanso

- 12:10 - 13:05 - Actividade
- 13:05 - 14:00 - Actividade

Os días nos que haxa actividades que precisen o desprazamento a instalacións específicas a estrutura básica da xornada poderá sufrir modificacións.

¿Existe algún medio de transporte para acudir á actividade?

Para todas aquelas persoas participantes que o precisen existe a posibilidade de escoller a opción de matrícula con transporte, que irá recollendo ós nenos/as nunha serie de paradas establecidas, e os volverá a levar unha vez finalizada a actividade diaria.

¿Como se deben equipar diariamente os/as participantes?

Os nenos e nenas participantes deberán levar roupa e calzado deportivo cómodo e axeitado ás actividades diarias.

Os responsables do campamento informarán de todas aquelas actividades que requiran equipación ou vestimenta específica (bañador, chanclas, toalla, etc.).

Recoméndase levar bebida e unha pequena merenda que poderán comer na hora do descanso.

Nos días de moito sol e importante a utilización de gorra e protección solar.

¿Cal e o custe da actividade e as modalidades de inscrición?

A matrícula no Campamento se pode facer por quincena ou por mes completo. O custe da matrícula é o seguinte:

- Quincena sen transporte: 51,75 €
- Quincena con transporte: 67,28 €

As persoas participantes que acrediten a pertenza a familia numerosa contarán cunha bonificación do 50 %